

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

6550 *Real decreto lei 4/2011, do 8 de abril, de medidas urxentes de impulso á internacionalización mediante a creación da entidade pública empresarial «Instituto Español de Comercio Exterior» (ICEX).*

O Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX) foi creado mediante o Real decreto lei 6/1982, do 2 de abril, sobre investimentos públicos de carácter extraordinario e medidas de fomento da exportación, como entidade de dereito público con personalidade xurídica propia baixo o nome de Instituto Nacional de Fomento á Exportación (INFE), e cambiou a súa denominación mediante o Real decreto 1417/1987, do 13 de novembro, a Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX), co mandato de promover as exportacións españolas.

Nestes 29 anos, o proceso de internacionalización da economía española foi vertixinoso, de forma que a misión e os obxectivos do ICEX que figuran no real decreto lei fundacional quedaron desfasados.

Ao importante grao de apertura logrado pola economía española engádense os drásticos cambios que sufriu o contexto económico internacional. Os intercambios mundiais están marcados polo proceso de globalización, impulsado pola expansión das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC), que deu lugar a un novo modelo de comercio e investimento internacional altamente competitivo, en que os países emerxentes representan un papel cada vez máis relevante.

Organismos homólogos ao ICEX, de alto recoñecemento e tradición no apoio institucional á internacionalización empresarial, pertencentes a países da OCDE, entenderon este novo marco internacional e están a evolucionar en consecuencia. Esta é a vía que o ICEX debe igualmente seguir.

No ámbito nacional, e como desenvolvemento do marco constitucional, forxouse un complexo sistema institucional de apoio á internacionalización que conta con múltiples actores, cuxas competencias abranguen nuns casos a totalidade do territorio nacional e noutros se manteñen no ámbito de comunidade autónoma. Este sistema demanda dun liderado cooperativo por parte do ICEX que faga emerxer sinerxías, aglutine esforzos e logre unha xestión eficiente e eficaz dos recursos públicos destinados á internacionalización empresarial. E isto sendo particularmente sensible ás necesidades específicas das comunidades autónomas en proceso de converxencia e ultraperiféricas.

Nos últimos anos o número de empresas que apostan polos mercados exteriores está a ser cada vez maior, como cada vez tamén o é o número delas que chega ás últimas fases do proceso de internacionalización. Esta evolución supón un incremento dos servizos solicitados ao ICEX e, o que é máis importante, unha demanda exixente de maior calidade e especialización deles. As empresas demandan prestacións personalizadas e de alto valor engadido que respondan ás súas necesidades específicas en mercados concretos, que complementen os tradicionais servizos xeneralistas de apoio á exportación.

Únese a todo o anterior a actual conxuntura de crise económica. A internacionalización está a ser -como o foi en anteriores crises económicas- unha das pancas sobre as cales se apoia a recuperación económica. A evolución cara a un modelo de crecemento da nosa economía máis sólido, estable e sustentable, que garanta a recuperación do emprego, pasa pola internacionalización das empresas.

A crise actual aumentou a urxencia entre as empresas por saíren aos mercados exteriores e acentuou a presión que exercen sobre o ICEX e os seus servizos, nun momento de restricións orzamentarias xeneralizadas que condicionan a súa capacidade de reacción. Pola súa vez, as dificultades de acceso ao financiamento privado por parte das empresas complica máis a situación, sendo este un dos principais factores limitativos

que destacan as empresas no seu proceso de internacionalización. Este escenario require que o Goberno amplíe o abano de apoios do ICEX, compatibilizando as actuais achegas monetarias sen contraprestación e actuacións de promoción sectorial con actuacións especificamente dirixidas a cubrir as necesidades individuais das empresas, como préstamos participativos e outros instrumentos de financiamento e apoio adaptados ás necesidades empresariais actuais. Pero, ademais, o ICEX debe converterse, independentemente da conxuntura económica, nunha entidade máis moderna e eficaz, que funcione con criterios máis próximos aos empresariais e ofrezca servizos de maior calidade e valor engadido, debidamente avaliados, e de forma máis áxil e flexible para adaptarse ás prioridades cambiantes da política de apoio á internacionalización. Debe ter maiores incentivos para autofinanciarse, obter recursos e colaborar de modo máis estreito co resto de organismos que actúan neste ámbito, sempre actuando de forma complementaria ás actividades que desenvolva o sector privado.

O presente real decreto lei ten como fin adaptar o ICEX ao contexto actual antes descrito, potenciando a súa capacidade de actuación e financiamento, especialmente dirixida ás pemes, transformando a súa natureza xurídica dun ente público de carácter administrativo a unha entidade pública empresarial.

Baixo a forma de entidade pública empresarial, o ICEX poderá:

- obter unha maior axilidade e eficiencia na súa xestión económica interna, que permita maximizar o impacto dos seus recursos;
- augmentar a oferta de servizos personalizados e de maior calidade ás empresas;
- pór en marcha operacións de investimento financeiro, permitindo a concesión de préstamos ás empresas, de carácter participativo e doutros tipos.

A reforma do ICEX foi incluída no Acordo Social e Económico para a Competitividade, o Emprego e a Garantía das Pensións do 2 febreiro de 2011, o que é mostra do interese compartido dos axentes sociais e o Goberno nesta iniciativa.

A transformación do ICEX non se pode demorar en canto o contexto económico exige realizar os maiores esforzos para dinamizar a internacionalización das empresas, proceso que ten efectos directos sobre o crecemento económico e sobre a creación de emprego. A transformación do ICEX permitirá, por un lado, unha maior flexibilidade, sen renunciar ao necesario control, para reasignar recursos con maior axilidade ás áreas de actividade con maior demanda empresarial en función das prioridades cambiantes de política comercial e de apoio á internacionalización. Por outro, potenciar e acelerar a implantación de novas medidas internas de xestión, ao introducir un cambio substancial na súa orientación estratéxica e cultura de traballo, todo isto en beneficio das pemes, principais clientes do ICEX e, polo tanto, principais beneficiarios da reforma.

É fundamental estear e consolidar a importante recuperación que xa se iniciou en 2010 nas nosas exportacións de bens, servizos e capitais, tras a forte caída experimentada en 2009, xa que isto se traducirá en maior crecemento para a nosa economía e creación de emprego. Isto exige redefinir e aplicar novas medidas de apoio e acompañamento ás nosas empresas con celeridade, xa que o seu impacto se demorará uns meses. É, xa que logo, urxente configurar o ICEX para que poida realizar a súa importante función coa maior brevidade.

A posta en práctica da reforma do ICEX coa debida celeridade exige acudir ao procedemento do real decreto lei.

Por outra parte, considerouse oportuno incluír, despois de se constatar tamén a súa urxencia, unha disposición derradeira para os efectos de modificar o Real decreto lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local, para os efectos de ampliar de 6 a 12 meses a posibilidade de prórroga para acreditar a execución das obras, subministracións ou servizos por parte dos concellos.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de abril de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Natureza e fins xerais

Artigo 1. *Natureza.*

1. Créase a entidade pública empresarial Instituto Español de Comercio Exterior (en diante ICEX), de conformidade co previsto nos artigos 43.1.b) e 61.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, como transformación da actual entidade de dereito público Instituto Español de Comercio Exterior, creada mediante o Real decreto lei 6/1982, do 2 de abril, que queda adscrita ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da Secretaría de Estado de Comercio Exterior.

2. O ICEX goza de personalidade xurídica pública diferenciada, plena capacidade xurídica e de obrar, autonomía de xestión para o cumprimento dos seus fins, e patrimonio e tesouraría propios e independentes dos do Estado.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

O ICEX estará suxeito ao dereito privado, agás na formación da vontade dos seus órganos, no exercicio de potestades administrativas que teña atribuídas e naqueles outros aspectos en que así se estableza especificamente nos seus estatutos ou resulte do previsto para as entidades públicas empresariais na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Así mesmo, seralle de aplicación o previsto para as entidades públicas empresariais na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e demais normativa orzamentaria.

Artigo 3. *Fins xerais.*

1. Constitúen os fins do ICEX executar as accións que, no marco da política económica do Goberno, se lle encomenden para promover a internacionalización da empresa española e a mellora da súa competitividade.

2. En particular, o ICEX impulsará a internacionalización das empresas españolas, en especial das pequenas e medianas empresas (pemes), en todas as fases do seu proceso de internacionalización, a través da prestación daqueles servizos, programas, apoios económicos, instrumentos de información, financiamento ou asesoría que en cada momento se lle requiran.

3. Nas actuacións que desenvolva, o ICEX prestará particular atención á colaboración con outros organismos públicos e privados e entidades que compartan co ICEX a vontade e o mandato de apoiar a internacionalización empresarial.

CAPÍTULO II

Recursos económicos

Artigo 4. *Recursos económicos.*

Os recursos económicos do ICEX estarán integrados por:

- a) Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio.
- b) Os produtos e rendas.
- c) Os ingresos ordinarios e extraordinarios que perciba polo exercicio das súas actividades empresariais.

- d) As consignacións específicas que tiver asignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- e) As transferencias correntes e de capital que procedan das administracións ou entidades públicas.
- f) Os créditos e préstamos que poida recibir como prestamista, dentro dos límites que lle autorice a lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio, salvo que se trate de operacións de crédito que se concerten e cancelen no mesmo exercicio orzamentario.
- g) Os xuros percibidos, procedentes das operacións financeiras que outorgue.
- h) As doazóns, legados e outras achegas de entidades privadas e de particulares.
- i) Calquera outro recurso que lle poida ser atribuído.

CAPÍTULO III

Réxime de persoal

Artigo 5. *Persoal.*

O persoal do ICEX rexerá polo dereito laboral, coas especificacións contidas na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, en todo aquilo que lle sexa de aplicación.

Nos estatutos do ICEX regulará especificamente o relativo ao seu persoal directivo e ao seu sistema de selección. Os funcionarios da Administración xeral do Estado que cubran destino como persoal directivo no ICEX quedarán na situación administrativa de servizos especiais.

A determinación e modificación das condicións retributivas do persoal do ICEX axustarase ao disposto no artigo 55 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e demais disposicións en materia de gastos de persoal que lle resulte de aplicación.

Artigo 6. *Integración do persoal.*

O persoal da entidade de dereito público ICEX intégrase na entidade pública empresarial ICEX de forma automática, e manterá para todos os efectos o réxime de dereitos e obrigas existentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei.

CAPÍTULO IV

Réxime de contratación

Artigo 7. *Contratación.*

1. O réxime de contratación será o previsto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

2. O ICEX, nos termos que prevexan os seus estatutos, terá a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración para os efectos previstos no artigo 24.6 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, para a realización de cantos traballos lle sexan encomendados pola Administración xeral do Estado e os seus organismos e entidades dependentes en todo o relacionado coa internacionalización da empresa española.

CAPÍTULO V

Réxime patrimonial

Artigo 8. *Patrimonio.*

1. O patrimonio do ICEX estará integrado polos bens e dereitos da súa titularidade. Ao Instituto poderán adscribírselle bens do patrimonio do Estado de conformidade co previsto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

2. O ICEX poderá participar en sociedades mercantís, cando isto sexa necesario para a consecución dos seus fins.

Artigo 9. *Xestión patrimonial.*

O ICEX axustará a xestión do seu patrimonio á Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Disposición adicional primeira. *Subrogación.*

A entidade pública empresarial ICEX subrógase nos dereitos e obrigas da extinguida entidade de dereito público Instituto Español de Comercio Exterior. Durante o exercicio 2011 manterase o actual réxime orzamentario do ICEX.

Disposición adicional segunda. *Non incremento de gasto.*

A creación da entidade pública empresarial ICEX levarase a cabo sen ningún incremento do gasto público.

Disposición transitoria. *Estatutos do ICEX.*

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei, o Goberno aprobará, por iniciativa do ministro de Industria, Turismo e Comercio, e por proposta conxunta dos ministros de Economía e Facenda e de Política Territorial e Administración Pública, o estatuto da entidade pública empresarial ICEX.

Entrementres non se aproben os estatutos da entidade pública empresarial ICEX, manterán a súa vixencia os estatutos da entidade de dereito público Instituto Español de Comercio Exterior, en canto non se opoñan ao previsto nesta lei.

Disposición derogatoria.

1. Derrógase o Real decreto lei 6/1982, do 2 de abril, sobre investimentos públicos de carácter extraordinario e medidas de fomento á exportación, e quedan vixentes todas aquelas disposicións de inferior rango en canto non se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto lei.

2. Cantas referencias se fagan ao ICEX como entidade de dereito público singular na lexislación vixente entenderanse referidas ao ICEX como ente público empresarial, en canto non se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local.*

O número 2 do artigo 16 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os concellos terán de prazo para acreditar a realización dos investimentos e a finalización das obras, así como a adquisición das subministracións ou servizos, ata a finalización do primeiro trimestre de 2011.

Non obstante, a Dirección Xeral de Cooperación Local, por solicitude razoada e debidamente motivada do concello, poderá outorgar unha prórroga, que non excederá os doce meses, cando incidencias non imputables á Administración contratante xurdidas na execución do contrato de obras, de subministracións ou de servizos a atrasen. Neste caso, a xustificación deberá presentarse dentro do mes seguinte á conclusión da citada prórroga.

No caso de incumprimento destes prazos observarase o previsto no artigo 6.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO